



Nº. EXP.: 2026/SUBCC/000006

BASES DA CONVOCATORIA DA VI EDICIÓN DOS PREMIOS LITERARIOS PINTO E MARAGOTA, EN COLABORACIÓN CON EDICIÓNS XERAIS DE GALICIA, PARA VISIBILIZAR E DIGNIFICAR A DIVERSIDADE SEXUAL E DE XÉNERO NO CONCELLO DE PONTEVEDRA. ANO 2026.

1.- Obxecto

A presente convocatoria ten por obxecto a concesión, en réxime de concorrencia competitiva para o mundo cultural, dos premios Pinto e Maragota correspondentes ao ano 2026.

Ditos premios están orientados a recoñecer e valorar aquelas obras literarias innovadoras e relevantes en canto á visibilización e dignificación da diversidade sexual e de xénero: orientación sexual e/ou identidade de xénero.

2.- Persoas beneficiarias

Poderá concorrer calquera persoa, de calquera nacionalidade, maior de idade, que presente unha obra escrita en lingua galega conforme á normativa oficial establecida pola Real Academia Galega, con excepción das persoas que resultaron premiadas nas anteriores edicións do certame.

3.- Orzamento e aplicación orzamentaria

Concederáse un único premio de 3.000 €, imputados á partida de Benestar Social do orzamento de gastos de 2026.

Para a concesión dos premios desta convocatoria, destinaranse os créditos globais de 3.000,00 € con cargo a aplicación orzamentaria: 12-2311-48100.

4.- Documentación específica que debe achegarse para presentarse ao premio do concurso e prazo de presentación

O xénero literario das obras presentadas poderá ser novela, teatro ou poesía para o público infantil, xuvenil e adulto e o contido mínimo de caracteres será o seguinte:

- a) Novela ou obra dramática para público adulto.- O texto deberá ter unha extensión total mínima de 90.000 caracteres con espazos.
- b) Poesía para público adulto. O texto conterá un mínimo de 500 versos de forma libre.

As obras destinadas ao público infantil e/ou xuvenil non terán limitación de extensión.

Cada participante poderá presentar cantas obras quixer en envíos separados.





As obras presentadas deben ser orixinais e inéditas, entendendo por obra inédita a que non foi comunicada nin na súa totalidade nin en parte por ningún tipo de procedemento.

As persoas participantes enviarán os traballos en formato PDF por correo electrónico, co asunto “Para o VI Premio Literario PINTO E MARAGOTA”, ao enderezo igualdade@pontevedra.eu, desde a apertura do prazo ata a data límite (30 días naturais desde a publicación no Boletín Oficial da Provincia).

Deberanse incluír no correo electrónico dous arquivos:

- Un co orixinal, que deberá ser presentado baixo un lema e sen ningún tipo de dato que identifique á persoa autora.
- E outro co nome completo, idade, enderezo, teléfono, título da obra e número de conta. A persoa gañadora do concurso deberá achegar copia do DNI e certificación de número da conta bancaria na que estea autorizada.

5.- Xustificación dos premios

A xustificación terá a forma de conta xustificativa simplificada (art. 75 do RD 887/2006 e base 43 das de execución do orzamento xeral para 2026).

De acordo co art. 13 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello de Pontevedra, aprobada polo Pleno do Concello o 17/09/2004 (BOP núm. 190, de 30 de setembro de 2004), unha vez avaliados os traballos presentados, o órgano colexiado previsto nas bases da convocatoria emitirá un informe no que concrete o premio outorgado identificando a persoa gañadora, o DNI e a certificación do número da conta bancaria na que estea autorizada.

O órgano instructor, baseándose na acta do xurado, formulará a proposta de pagamento que se remitirá á Intervención Xeral para a súa fiscalización e posterior aprobación polo Alcalde.

6.- Órgano instructor

A instrución do procedemento da concesión de premios correspóndelle ao Servizo de Benestar Social do Concello.

7.- Composición do xurado cualificador (órgano colexiado)

A composición do xurado que levará a cabo a cualificación dos traballos presentados estará composta por:

- 2 persoas designadas pola concelleira de Igualdade.
- 1 persoa proposta por Edicións Xerais de Galicia.

Con voz, pero sen voto, un/unha funcionario/a municipal designado pola concelleira de Promoción Económica, Emprego, Turismo, Universidade e Promoción da Igualdade, que fará a función de secretaria.

8.- Criterios obxectivos de outorgamento do premio





O premio outorgarase seguindo os criterios obxectivos establecidos polo órgano xestor nas bases reguladoras dos premios, tendo en conta en xeral o nivel de calidade literaria da obra e o tratamento da temática de diversidade de sexo e xénero dentro da mesma en consoancia cos obxectivos do V Plan Estratéxico Municipal de Igualdade de Oportunidades de Mulleres e Homes do Concello de Pontevedra.

9.- Xustificación do premio

Ao abeiro do art. 88.1 do Real decreto 887/2006, polo que se aproba a Lei de subvencións, o premio económico concedido quedará debidamente xustificado coa presentación da acta da reunión do xurado na que se acorde outorgar o VI Premio Pinto e Maragota que regula estas bases.

10.- Forma de pagamento

O decreto do Alcalde no que se outorgue o premio á persoa gañadora disporá tamén o seu pagamento na contía que corresponda.

A Tesouraría municipal realizará o pagamento do premio na conta bancaria determinada pola persoa gañadora, consonte co procedemento determinado na normativa de aplicación.

11.- Procedemento e órgano resolutorio

Segundo o disposto no art. 11 da Ordenanza reguladora de subvencións do Concello, o procedemento ordinario para a concesión de subvencións será mediante convocatoria pública e polo procedemento de concurso; e o órgano competente para a aprobación da convocatoria, a aprobación das bases e a resolución do procedemento é o Alcalde cando a contía da convocatoria non exceda de 12.020,24 euros.

12.- Publicidade e difusión dos premios.

Ao outorgamento dos premios daráselle a publicidade segundo o establecido no artigo 20.8 da Lei 38/2003, xeral de subvencións.

A obra premiada será publicada por Edicións Xerais de Galicia, S. A.

Esta editorial asinará coa autora ou autor un contrato de edición nas condicións habituais, sempre de acordo coa lexislación vixente sobre a propiedade intelectual, e tendo en conta que o pagamento do premio o efectuará o Concello de Pontevedra e estará suxeito ás retencións legalmente establecidas.

A persoa gañadora comprométese en consensuar co Concello de Pontevedra polo menos unha actividade pública de presentación da obra, unha vez publicada.

Se no período de tempo transcorrido entre a presentación dunha obra e o ditame do xurado esa obra obtivese outro premio, o autor ou autora deberá comunicalo inmediatamente ao Concello de Pontevedra, retirándoa do premio Pinto e Maragota.

En calquera caso, enténdese que a obtención dun premio anterior implica a renuncia automática ó premio Pinto e Maragota que lle puidese ser atribuído a esa obra por





descoñecemento desta circunstancia, sen prexuízo doutras responsabilidades nas que a autora ou autor puidese incorrer pola omisión do deber formulado nesta base.

Os orixinais non premiados non se devolverán e os arquivos recibidos serán destruídos.

A participación no certame supón e implica a aceptación total das súas bases.

O premio non poderá ser dividido pero si ser declarado deserto no caso de non atoparse a calidade suficiente para outorgalo.

13.- Información sobre a convocatoria.

Calquera dúbida sobre o contido desta convocatoria será atendida polo Centro de Información á Muller (CIM) (tlf: 986 864 825; e-mail: igualdade@pontevedra.eu).

14.- Información sobre protección de datos persoais. (RGPD 2016/679 y LOPDGDD 3/2018)

Responsable do tratamento: CONCELLO DE PONTEVEDRA (P3603800H)

Finalidades do tratamento: A xestión da convocatoria dos premios literarios, incluíndo a tramitación administrativa, a avaliación das solicitudes, a publicación das persoas premiadas e a comunicación coas persoas participantes.

Lexitimación para o tratamento: O exercicio dos poderes públicos conferidos ao Responsable (artigo 6.1,e do RGPD) e o cumprimento de obrigas legais aplicables (artigo 6.1,c do RGPD). No caso de actuacións que requiran consentimento, este solicitarase de forma expresa (artigo 6.1,a do RGPD).

Destinatarios dos datos: As Administracións Públicas no exercicio das súas competencias, así como, no seu caso, membros do xurado ou colaboradores necesarios para a avaliación das candidaturas; poderán facerse públicos os datos das persoas premiadas conforme ás bases da convocatoria.

Prazo de conservación: Os datos conservaranse durante o tempo necesario para cumprir coa finalidade da convocatoria e coas obrigas legais aplicables, así como para a posible esixencia de responsabilidades.

Exercicio dos dereitos: As persoas interesadas poderán solicitar o acceso, rectificación ou supresión dos seus datos, así como exercitar outros dereitos ou retirar no seu caso o consentimento outorgado a través da sede electrónica na sección "Dereitos sobre Protección de Datos".

Contacto delegado de protección de datos e información adicional: dpd@pontevedra.eu

Pontevedra, na data que figura na sinatura electrónica.

